

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE XUÑO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 7 de xuño de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 5 de xuño de 2018, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Santos Héctor Rodríguez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Antonio Villanueva Guimerans (asiste ao punto 1a)
D^a. Margarita Parajó Calvo (asiste aos puntos 1a e 1b)
D. José Ángel Lago Filgueira (asiste ao punto 1d)
D^a. María Isabel Cabeza Pereiro (asiste ao punto 1d)
D. Jesús Núñez-Torrón López (asiste aos puntos 14a, 2a e 3a)
D^a. Fátima Dueñas Corchero (asiste aos puntos 2b e 3b)
D. Secundino Otero Faílde (asiste aos puntos 1c, 2c, 3c e 4a)
D^a. María Gómez Janeiro (asiste ao punto 4b)
D. José A. Hermida Fernández (asiste aos puntos 7a, 8b, 9b e 10b)
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 1d, 8a, 9a e 10a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 11 de maio de 2018

Apróbase a acta da sesión do 11 de maio de 2018 cos votos de D^a. Margarita Parajó Calvo, D^a. Olga Gómez Corbal, D. José Riesgo Boluda e D. Antonio Villanueva Guimerans.

b) Acta da sesión do 15 de maio de 2018

Apróbase a acta da sesión do 15 de maio de 2018 cos votos de D^a. Margarita Parajó Calvo, D^a. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

c) Acta da sesión do 24 de maio de 2018

Apróbase a acta da sesión do 24 de maio de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal e D. Secundino Otero Faílde.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:13	Páxina 1 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA74F-CH3D35-4A4D5B-937FUP-BAUQE-Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) Acta da sesión do 28 de maio de 2018

Apróbase a acta da sesión do 28 de maio de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal, D^a. María Isabel Cabeza Pereiro, D. José Ángel Lago Filgueira e D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe.

e) Acta da sesión do 31 de maio de 2018

Apróbase a acta da sesión do 31 de maio de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal, D. José Riesgo Boluda.

f) Acta da sesión do 4 de xuño de 2018

Apróbase a acta da sesión do 4 de xuño de 2018 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Olga Gómez Corbal, D. José Riesgo Boluda.

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio-educativo e de apoio familiar» (150.888-301)

Dáse conta da resolución nº514/2018, do 25 de maio de 2018, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales pola que se non se admite o recurso interposto por D. Iván Martínez Gómez contra o anuncio de licitación do 7 de marzo de 2018 e os pregos.

A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 7 de xuño de 2018.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio-educativo e de apoio familiar» (150.888-301)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
 1. FUNDACIÓN ALDABA
 2. CLECE, S.A.

b) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (7.087-104) (emenda da documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentado a este procedemento segundo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:13	Páxina 2 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA74F-CH3D35-4A4D5B-937FUP-BAUQE-Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 31 de maio, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días hábiles ao licitador AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A. para que emendase a documentación persoal.

O anterior licitador presentou documentación dentro do prazo concedido. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade, admitir neste procedemento a AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A. por ter presentado correctamente o documento europeo único de contratación (DEUC) esixido nas cláusulas 8.2 e 14.4A.

c) Adxudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018. Lotes 1 e 2 (13.046-306)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación ábrese o sobre A “*Documentación persoal*”. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo I:
1. IVÁN MARTIN BARCIELA
 2. RICARDO SANTIAGO DAPONTE
 3. MANUEL LAGO CHAPELA
 4. ALBERTO LAGO CHAPELA

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos incluídos no «programa socio-educativo e de apoio familiar» (150.888-301)

En acto público ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” dos licitadores presentados e admitidos. O presidente e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

Asisten á apertura D. Iván Martínez López, con DNI 53.181.547-G, como representante dos traballadores Programa Intervención Familiar; D^a. Noemí Pérez Lozano, con DNI 36.162.289-X, en representación de CLECE, S.A.; e D^a. Adela Piñeiro Pérez, con DNI 36.041.687-C, en representación de FUNDACIÓN ALDABA.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (7.087-104)

Ábrese o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” do licitador presentado e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:13	Páxina 3 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA74F-CH3D35-4A4D5B-937FUP-BAUQE-Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

admitido. O presidente e a secretaria asinan os dous exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

c) Adxudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018. Lotes 1 e 2 (13.046-306)

Ábrese o sobre 2 “Modelo de quiosco” dos licitadores presentados e admitidos. O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Conforme á cláusula novena do PCAP, determinarase a aptitude e idoneidade das instalacións que se propoñen para os quioscos e instalacións, cunha cualificación de APTA ou NON APTA segundo a adecuación, ou non, das instalacións propostas ao disposto neste prego.

Presentes na sesión D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, arquitectos municipais, comprobán o modelo de quiosco proposto polos licitadores co seguinte resultado:

Licitadores	Modelo quiosco
IVÁN MARTÍN BARCIELA (lote 1)	APTO
RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lote 2)	APTO
MANUEL LAGO CHAPELA (lote 2)	APTO
ALBERTO LAGO CHAPELA (lote 1)	APTO

4.- Apertura económica

a) Adxudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018. Lotes 1 e 2 (13.046-306)

De conformidade coa cláusula novena do PCAP, ao resultar aptas todas as ofertas presentadas, procédese, en acto público, a valorar o Sobre 3 “Proposición económica”, co seguinte resultado:

	Licitadores	PREZO LOTE 1	PREZO LOTES 2
1	IVÁN MARTÍN BARCIELA (lote 1)	899,88 €	
2	RICARDO SANTIAGO DAPONTE (lote 2)		4.203,33 €
3	MANUEL LAGO CHAPELA (lote 2)		4.122,00 €
4	ALBERTO LAGO CHAPELA (lote 1)	1.022,00 €	



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda valorar as proposicións presentadas de acordo co previsto na citada cláusula novena ("A oferta que inclúa un maior incremento do canon mínimo fixado na cláusula terceira deste prego se lle outorgarán 100 PUNTOS, e as restantes propostas valoraranse proporcionalmente con aquela"). A puntuación obtida polos licitadores é a seguinte:

Lote 1 areal da Punta (A Guía):

	Licitadores	PUNTUACIÓN
1	ALBERTO LAGO CHAPELA	100,00
2	IVÁN MARTÍN BARCIELA	88,05

Lote 2 areal do Vao:

	Licitadores	PUNTUACIÓN
1	RICARDO SANTIAGO DAPONTE	100,00
2	MANUEL LAGO CHAPELA	98,06

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo co criterio de adxudicación sinalado no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a adxudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de temporada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2018. Lotes 1 e 2 (13.046-306) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 areal da Punta (A Guía):

	Licitadores	PUNTUACIÓN
1	ALBERTO LAGO CHAPELA	100,00
2	IVÁN MARTÍN BARCIELA	88,05

- Lote 2 areal do Vao:



	Licitadores	PUNTUACIÓN
1	RICARDO SANTIAGO DAPONTE	100,00
2	MANUEL LAGO CHAPELA	98,06

Segundo.- Requerir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ALBERTO LAGO CHAPELA e RICARDO SANTIAGO DAPONTE, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (150.2 da LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 5 e 10 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 11 do PCAP (1.200 euros por lote) e, só para o lote 2, resgardo do depósito a disposición do xefe do Servizo Provincial de Costas en Pontevedra (1.125 euros).

Terceiro.- Requerir aos citados licitadores o aboamento de 192,20 euros (96,10 euros por lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de corrección de patoloxías, consolidación e accesibilidade de “Villa Solita” (Alcabre) (8.846-307)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo
1	REFORVIGO, S.L.	213.289,12 €
2	DECORACIÓN INSTALACIONES Y CONSTRUCCIÓN, S.A.U.	245.000,00 €
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	221.323,00 €
4	COPCISA, S.A.	216.697,10 €
5	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	221.710,80 €
6	ACTIVIDADES DE CONTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.(ACEVI)	223.775,65 €
7	COVIASSTEC, S.L.	200.616,00 €
8	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	240.990,00 €
9	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	204.444,48 €



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



O presidente e a secretaria asinan a documentación presentada.

Asisten á apertura D. Manuel Alonso Vasconcelos, DNI 36162266X, en representación de FEDERACIÓN GALEGA DA CONSTRUCCIÓN e D. Pablo Nogueira Robelo, con DNI 47389.972-J, en representación de COPCISA, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 24 de maio de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do 21 de maio de 2018, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP co seguinte licitador:

1. GESA GESTIÓN DE RECURSOS NATURALES Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.U.

Durante o prazo concedido, presentou documentación, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 6 e 7 de xuño de 2018 o xefe do Servizo de Comercio e o xefe da Área de Servizos Xerais emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen que resulta insuficiente a xustificación de Gesa Gestión de Recursos Naturales y Servicios Integrales SLU.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento o licitador que deseguido se relaciona, por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. GESA GESTIÓN DE RECURSOS NATURALES Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.U.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo polo emprego da mocidade II” (14.943-77) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego o 31 de maio de 2018 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o xefe da Área de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:13	Páxina 7 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA74F-CH3D35-4A4D5B-937FUP-BAUQE-Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizos Xerais o 6 e 7 de xuño de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-Avda. de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios (18-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e o xefe da Área de Investimentos o 5 de xuño de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo polo emprego da mocidade II” (14.943-77) (informe sobre C con proposta de clasificación)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento Local e Emprego o 31 de maio de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106) (informe sobre C con proposta de clasificación)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Comercio e o xefe da Área de Servizos Xerais o 6 e 7 de xuño de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-Avda. de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios (18-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos e o xefe da Área de Investimentos o 5 de xuño de 2018 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo polo emprego da mocidade II” (14.943-77)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:13	Páxina 8 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA74F-CH3D35-4A4D5B-937FUP-BAUQE-Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación do programa “Vigo polo emprego da mocidade II” (14.943-77) na seguinte orde descendente:

Empresas licitadoras	Puntuación criterios xuízo de valor	Puntuación criterios de fórmula	TOTAL
ESTUDIOS MEGA S.L	19,75	75,00	94,75
METODO ESTUDIOS CONSULTORES	23,00	66,50	89,50
ACADEMIA POSTAL 3	21,25	57,33	78,58
Centro de Estudios Activa Formación SL	21,75	53,88	75,63

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESTUDIOS MEGA S.L, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional no apartado 6E do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 910,56 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de maio, de PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L. por apartarse a súa proposición do modelo establecido (cláusula 13.5c do PCAP).

Segundo.- Excluir deste procedemento a GESA GESTIÓN DE RECURSOS NATURALES Y SERVICIOS INTEGRALES, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo xefe do servizo de comercio o 6 e 7 de xuño de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:13	Páxina 9 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA74F-CH3D35-4A4D5B-937FUP-BAUQE-Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo (5.363-106) na seguinte orde descendente:

Nº	Licitador	Puntos
1	INTEGRA MXSI CEE, S.L.	100,00
2	ALEDA MANAGEMENT, S.L.	99,66
3	PROYEGAL INGENIERÍA, S.L.	92,25
4	ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.	80,33
5	EULEN, S.A.	79,91
6	BONA FIDE LEMA, S.L.L.	70,97
7	EUROCONTROL Y SERVICIOS NOROESTE, S.L.	51,70

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTEGRA MXSI CEE, S.L, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 937,10 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-Avda. de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios (18-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da estrada provincial EP-2002 Gran Vía-Avda. de Madrid. Rúa Emilia Pardo Bazán, entre Gran Vía e Avda. Arquitecto Palacios (18-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	95,24
2	CIVISGLOBAL S.L.U.	94,04
3	HIDROMIÑO S L	94,01
4	ORECO S.A.	93,20
5	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	92,46



Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

6	UTE PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	92,13
7	MISTURAS, S.A.	91,93
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	91,43
9	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	91,02
10	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	90,92
11	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	90,61
12	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS SL	90,60
13	ORESA SL	88,77
14	PROYECON GALICIA, S.A.	88,65
15	ACCIONA CONSTRUCCION SA	88,07
16	UTE CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO S LU-EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA , S.L.	87,66
17	COPCISA, S.A.	87,52
18	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS SL	87,23
19	NAROM SL	87,10
20	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.	87,05
21	DRAGADOS, S.A.	80,73
22	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	80,60
23	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	75,62
24	CALDEVERGAZO SL	70,97

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 897,78 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de discos para o sistema de almacenamento corporativo con destino o arquivo dixital (8.453-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:13	Páxina 11 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA74F-CH3D35-4A4D5B-937FUP-BAUQE-Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de discos para o sistema de almacenamento corporativo con destino o arquivo dixital (8.453-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de discos para o sistema de almacenamento corporativo con destino o arquivo dixital (8.453-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	EDNON, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 965,76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, EDNON, S.L., o día 28 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 4 de xuño, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:13	Páxina 12 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA74F-CH3D35-4A4D5B-937FUP-BAUQE-Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar EDNON, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por EDNON, S.L., de conformidade cos acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión de data 11 de maio de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a EDNON, S.L. o procedemento aberto para a contratación do subministro de discos para o sistema de almacenamento corporativo con destino o arquivo dixital (8.453-113) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 129.870,51 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.539,51 euros.*
- b) *Propón un incremento do almacenamento total ofertado en formato Flush/SSD con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3A do PPT para o nodo FAS 2650 (30 TB netos) de 8.02 (TB netos).*
- c) *Propón un incrementado do almacenamento ofertado con respecto ao mínimo fixado na cláusula 3B do PPT para o nodo FAS 2552 (30 TB netos) de 50.09 (TB netos).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:13	Páxina 13 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA74F-CH3D35-4A4D5B-937FUP-BAUQE-Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 24 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 15 de febreiro de 2018, polo que non se admite neste procedemento a EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. por non ter presentado correctamente a declaración responsable incluída no Anexo II do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir deste procedemento a CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 15 de maio de 2018.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,07
2	ORESA, S.L.	95,63
3	ORECO, S.A.	88,15
4	ELSAMEX, SA	86,95
5	COPCISA, S.A.	85,64



Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

6	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	82,45
7	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	79,84
8	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	78,79

Cuarto.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Quinto.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 819,64 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 28 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 5 de xuño, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 4 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:13	Páxina 15 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA74F-CH3D35-4A4D5B-937FUP-BAUQE-Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 24 de abril e 14 de maio de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Pintor José Frau Ruíz (4.961-440) por un prezo total de 455.462,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 79.047,14 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:05 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:13	Páxina 16 de 16
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA74F-CH3D35-4A4D5B-937FUP-BAUQE-Q-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		